




A estación de control marítimo do **Chan das Lagoas**, no que se atopa un dos cinco mellores radares de seguimento marítimo do mundo, está situada no Alto da Cruz de Cabral.

Desde aí podemos avistar, se o ceo está despexado, practicamente toda a Costa da Morte, desde Malpica ata a Serra do Barbanza, o Val de Soneira e a comarca do Xallas.



Preto da estación atópase o nacemento do río Hospital e os restos das antigas lagoas, que deron nome á mesma.



A **Carballeira de Berdeogas** está situada ó carón da igrexa parroquial (s.XVI - XVIII. Barroco), en cuxo exterior se atopan sarcófagos de finais do s. XIX.

Na carballeira localízase un castro e resulta tamén de interese o conxunto etnográfico conformado pola casa reitoral, o cabazo e o palomar.

A Carballeira de Berdeogas acolle cada mes de xullo a Festa da Familia, este ano será o día 19, na que nos reunimos veciños de toda a comarca para pasar un día no que lembrar as antigas romerías. Aproveitamos para invitarvos!



Saída: Casa Cultural de Olveira. 10:00 h

Remate: Praza da Igrexa de Berdeogas

Distancia: 15 km aprox.

Altitude máxima: 530 m (s.n.m.)

Tipo de Roteiro: Lineal



Concello de Dumbría

Andainas "Coñece a Costa da Morte" 2015

Roteiro con saída na Casa Cultural de **Olveira**, que a través dos montes desta parroquia nos ofrece unha in Mellorable panorámica do val do **Xallas** e o encoro da **Fervenza**. Atravesando o **Chan das Lagoas**, entramos en terras da parroquia de **Berdeogas** e rematamos a nosa andaina descubrindo a **carballeira**, na que se atopa a fermosa Devesa da Lúa.



Concello de Dumbría
www.dumbria.com

